

OS EFECTOS DA POLÍTICA FISCAL NO CONTEXTO DOS MODELOS MACROECONOMÉTRICOS DE EQUILIBRIO NON-WALRASIANO: O MODELO MOISEES¹

SANTIAGO LAGO PEÑAS
Economista

Recibido: 14 marzo 1997

Aceptado: 19 maio 1997

INTRODUCCIÓN

Neste traballo, ofrecemos unha introducción non técnica para os modelos de equilibrio non-walrasiano. En particular, repasámo-lo camiño que esta liña de investigación percorreu dende as primeiras contribucións teóricas nos anos sesenta ata a construción, xa nos oitenta, de modelos macroeconómicos de desequilibrio. Para o caso español, a referencia básica é o modelo MOISEES (Modelo de Investigación e Simulación da Economía Española) do Ministerio de Economía. Logo de facer unha presentación dos seus trazos principais, pasamos a ilustra-lo seu funcionamento mediante a presentación dos resultados dunha simulación de política fiscal. Finalizamos mencionando dalgúñas cuestións de carácter metodolóxico.

CONTRIBUCIÓN PREVIAS

A insatisfacción fronte á interpretación da *Teoría General* na versión da *síntese neoclásica* levou a unha parte da profesión a buscar novas aproximacións teóricas que, saíndo do paradigma walrasiano, permitiran facerlle xustiza á achega de Keynes. As coñecidas contribucións de Patinkin e, máis tarde, Clower e Leijonhufvud, prepararon o terreo para o desenvolvemento, xa nos anos setenta, dos *modelos de equilibrio-non-walrasiano* a curto prazo²—tamén coñecidos como *modelos de de-*

¹ Traballo presentado no *Seminario de Economía Pública* que dirixe o profesor Luis Caramés Viéitez no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

² Malinvaud (1977, p. 25) é tallante neste aspecto da relevancia temporal: "*el equilibrio walrasiano (o un concepto similar que tenga en cuenta la competencia imperfecta) es apropiado para el análisis económico a largo plazo, porque a largo plazo los precios son realmente flexibles y cumplen el papel que tradicionalmente se les ha asignado*".

En calquera caso, aludiremos, cando menos, ás outras correntes analíticas que se sitúan na tradición keynesiana. Á parte da *síntese neoclásica* e a aproximación teórica da que nos ocupamos aquí, témo-lo pensamento poskeynesiano—que supón unha alternativa máis radical ó rachar non só co marco de análise walrasiano, senón coa propia tradición marxinalista—, e os *novos keynesianos*, máis integrados na *mainstream economics* cá propia *macroeconomía do desequilibrio*. Á posición de ámbalas dúas aproximacións—no contexto do debate sobre o emprego— referímonos nunha nota de próxima publicación na *Revista de Economía Asturiana*: "Propuestas para combatir el problema del desempleo (a propósito de un estudio del CEPR)".

sequilibrio, modelos de equilibrio con racionamento ou modelos de prezos fixos—entre os que destacan especialmente as achegas de Barro e Grossman (1971) e Malinvaud (1977)³.

Como é ben sabido, no modelo de equilibrio económico xeral walrasiano, os axentes económicos son *price-takers*. Incluso a prezos de desequilibrio, ignoran calquera posible restricción cuantitativa nas súas decisións: efectuarán os cambios unicamente cando se alcanzaran os prezos de equilibrio. Ademais, os prezos son totalmente flexibles; non foron fixados por ningún axente económico individual, senón que os anunciou o poxador, que os establece en función dos excesos de demanda. Por conseguinte, os axentes tomaranos como un parámetro, modificando as súas decisións en tanto non se alcancen os prezos que rexen no equilibrio walrasiano. Pola súa parte, o poxador seguirá alterando os prezos ata que se eliminaran tódolos excesos de demanda nos mercados. *En consecuencia, o equilibrio walrasiano é un equilibrio tanto no sentido de que desapareceron tódolos excesos de demanda para un nivel dado de actividade económica que asegura o pleno emprego, como no sentido de que os axentes económicos non teñen incentivo para modifica-las súas eleccións, polo que non existen forzas capaces de altera-lo axuste económico alcanzado.*

Un equilibrio non-walrasiano, pola súa parte, é unha situación na que unha fracción máis ou menos importante dos recursos dispoñibles permanece desempregada e, sen embargo, pode non existir ningún estímulo que induza os axentes a modifica-las súas decisións. É un equilibrio só no sentido de que o sistema, unha vez alcanzado ese estado, non se ve impulsado a afastarse del. Un equilibrio deste tipo pode obterse nun contexto teórico no que algunhas das hipóteses fundamentais do modelo walrasiano non se manteñen, en particular a relativa á flexibilidade dos prezos. Así, un equilibrio non-walrasiano é unha situación na que oferta e demanda efectivas, formuladas polos axentes económicos, resultan compatibles entre elas. As demandas son idénticas ás ofertas, pero distintas das nocionais ou potenciais, isto é, as que se realizarían nunha situación de equilibrio. O tipo particular de equilibrio que se alcanza depende dos supostos particulares que se adoptan respecto a qué mercados proporcionan as restriccións cuantitativas e qué axentes resultan racionados.

Para afondarmos nestas ideas é necesario definir unha serie de conceptos. Empecemos por establece-la seguinte tipoloxía de mercados:

- *Mercado compensado:* Cando non se produce racionamento ningún (Oferta=Demanda).
- *Mercado de vendedores:* Cando se produce o racionamento de cando menos un comprador (Demanda>Oferta).

³ Estamos de acordo con Malinvaud (1977) en que a denominación máis adecuada sería a primeira. Non obstante, no que segue referirémonos indistintamente a todas elas. Por outro lado, anque os dos traballos ós que aludimos son os máis coñecidos —e citados—, só son unha mostra da abundante literatura verbo diso publicada na década dos setenta. Véxase, por exemplo, o *survey* que ofrece Drazen (1980).

- *Mercado de compradores*: Cando se produce o racionamento de cando menos un vendedor ($D < O$).

Entendendo o caso do mercado compensado como un caso límite entre os outros dous, podemos deixalo a un lado, para simplificar a exposición, e concentrarnos nos outros.

Supoñamos ademais que existen tres mercadorías: bens, traballo e diñeiro; e, polo tanto, dous mercados⁴. Combinándoos cos dos tipos de situacións de mercado posibles, teremos catro equilibrios distintos (figura 1). O caso de que o mercado de bens sexa *de compradores* e o mercado de traballo *de vendedores* non é moi interesante —agás que nos atopemos nunha situación na que as empresas queiran aumentar voluntariamente o seu nivel de stocks—. Cando as ofertas están racionadas en ámbolos mercados, existe paro e as empresas non producen máis por falta de demanda efectiva: este é o *caso keynesiano*. Cando o traballo non está totalmente empregado pero as empresas venden toda a súa oferta, podemos falar de *paro clásico*. Finalmente, cando a demanda excede á oferta en tódolos mercados, hai unha presión inflacionista, pero a curto prazo as rixideces de prezos son suficientemente importantes para que a inflación estea contida⁵.

Figura 1.- Tipoloxía de equilibrios macroeconómicos con racionamento

		<i>Mercado de bens</i>	
		<i>De compradores</i> $D < O$	<i>De vendedores</i> $D > O$
<i>Mercado de traballo</i>	<i>De compradores</i> $D < O$	Paro keynesiano	Paro clásico
	<i>De vendedores</i> $D > O$		Inflación contida

FONTE: Malinvaud (1977).

A partir destes desenvolvementos teóricos, Snessens (1981, 1983) e Drazen (1988⁶) elaboran, nos primeiros oitenta, modelos macroeconómicos de desequilibrio cada vez máis operativos para descender ó terreo empírico e interpreta-la dinámica real das economías. A mellora e refinamento destas primeiras contribucións, deron lugar á construción do modelo de Snessens e Drèze (1986). A súa importancia reside, sobre todo, no feito de ser tomado como referencia polos participantes nunha conferencia internacional sobre o problema do desemprego para o desenvolvemento das súas investigacións posteriores⁷, aparecendo os seus froitos

⁴ O diñeiro é considerado unicamente un medio de pagamento que intervéen en tódalas transaccións que se producen nos outros dous mercados.

⁵ En tódalas definicións previas seguímo-los textos de Malinvaud (1977) e Screpanti e Zamagni (1997).

⁶ Presentado con anterioridade como tese de doutoramento en 1984.

⁷ Referímonos á conferencia que, baixo o título de "*The Rise of Unemployment*", se celebrou en Chelwood Gate, Sussex (Inglaterra) os días 27 a 31 de maio de 1985. Véxase a este respecto Bean e outros (1987)

recollidos no libro coordinado por Drèze e Bean (1990)⁸. A achega española a este proxecto de investigación⁹ (Andrés e outros, 1990) constitúe a orixe do que despois sería o MOISEES.

O MODELO MOISEES: PRINCIPAIS TRAZOS

Nesta sección, presentamos un bosquexo da estrutura do MOISEES; que sacrifica ás veces o rigor e a minuciosidade co fin de lograr unha mayor claridade expositiva. O modelo está formado por seis bloques básicos: 1) oferta agregada e emprego; 2) demanda nacional; 3) sector exterior; 4) prezos e salarios; 5) sector monetario; e, en fin, 6) sector público.

O bloque de oferta agregada e emprego é a peza básica do modelo. Conforme ó esquema presentado anteriormente, os autores distinguen tres grupos de empresas atendendo ó réxime de desequilibrio a curto prazo baixo o que se atopa cada unha¹⁰: que a demanda da súa produción sexa escasa (a empresa estaría en *réxime keynesiano* ou de *restricción de demanda*); que o seu stock de capital sexa escaso, dada a demanda do produto (estaría en *réxime clásico* ou de *restricción de capital*); e, en fin, que a forza laboral da que dispón a empresa sexa insuficiente, dada a demanda e o seu stock de capital (situación de *inflación reprimida*). É dicir, o *output* —e o emprego correspondente, xa que, insistimos, a curto prazo nos enfrontamos con tecnoloxías con coeficientes fixos— de cada empresa sería: $Y_i = \min(YD_i, YP_i, YLS_i)$, onde cada unha das tres variables das que depende o *output* producido pola empresa (Y_i) representaría a produción máxima baixo cada un dos tres posibles réximes de desequilibrio. Loxicamente, esta expresión sería tamén válida para o conxunto da economía se tódalas empresas se viran sometidas ó mesmo tipo de racionamento. Dito doutro modo, se no modelo keynesiano tradicional un impulso da demanda se traslada ó nivel de produción a través do multiplicador, que toma a forma: $M = 1/1-c$ (onde c é a propensión marxinal ó consumo), no MOISEES o multiplicador dun shock de demanda transformaríase, heurísticamente, en $M=1/[(1/Pd)-c]$, onde Pd sería a proporción de empresas en situación de restricción de demanda. Como as distintas empresas dunha economía nacional poden sufrir un tipo de desequilibrio diferente, non parece razoable supoñer que o conxunto da economía se enfronta a un único réxime de racionamento cando se trata de fixa-lo rumbo da política económica ou de avalialos seus efectos. A estimación da porcentaxe de empresas nun ou noutro réxime é un aspecto fundamental do modelo.

⁸ Véxase tamén Drèze (1993)

⁹ Falamos do *European Unemployment Program*, financiado pola Comisión das Comunidades Europeas.

¹⁰ O modelo parte do suposto de tecnoloxías do tipo *putty-clay*. Isto significa que as empresas son capaces de axustar-la relación óptima entre capital e traballo a longo prazo, pero non a curto, onde a tecnoloxía presenta coeficientes fixos á Leontief. Os determinantes fundamentais desa relación óptima entre os factores son os custos relativos do traballo e o capital.

O bloque de demanda nacional é *estándar*. Inclúe unha ecuación para o consumo privado e outras dúas para o investimento residencial e productivo do sector privado —neste último, as variables explicativas fundamentais son a demanda esperada e o custo do capital—. Pola súa parte, o sector exterior —modelado mediante as correspondentes funcións de exportacións e importacións— funciona a modo de válvula de escape das presións da demanda interna. Dado un determinado nivel do comercio exterior —dependente da competitividade da economía e os ritmos de actividade nacional e internacional—, se a demanda interior medra prodúcese unha desviación da produción cara ó mercado nacional, aumentando as importacións e reducindo as exportacións.

O bloque de prezos e o de salarios constrúese con cadansúa ecuación para explica-la formación dos salarios e a evolución do deflactor de PIB ó custo dos factores. Se a primeira responde a unha versión máis ou menos sofisticada da *curva de Philips*, a segunda establece a fixación de prezos mediante un *mark-up* sobre os custos salariais.

O bloque monetario é o menos sofisticado de todos e serve só de complemento ó resto —non esquezamos que o obxectivo primario do modelo é a avaliación dos efectos das políticas fiscais¹¹—. Temos que sinalar unicamente que o tipo de xuro a longo prazo —determinante fundamental do investimento productivo privado— se fai depender da demanda de saldos reais (*M2*) e da demanda nacional.

Finalmente, o bloque fiscal non ten ecuacións de comportamento, pero contén numerosas funcións de reacción que tratan de reflectir algunhas regras sinxelas —de carácter incrementalista— que as autoridades seguen ó fixa-lo gasto¹². Pola súa parte, os ingresos dependen basicamente da situación económica, adaptándose con rapidez ós cambios na actividade.

O MODELO MOISEES: UNHA SIMULACIÓN DE POLÍTICA FISCAL

Co obxecto de mellora-la comprensión da lóxica interna do modelo, a continuación ofrecémo-los resultados dunha simulación de política fiscal que consiste na redución do investimento público nunha contía equivalente ó 1% do PIB en cada un dos anos 1980-1989. A fonte da que extraémo-los resultados é Molinas e outros (1990)¹³. Evidentemente, calquera modelo econométrico experimenta continuas modificacións, tanto para incorpora-la nova información estatística como para dar conta de cambios nas relacións estruturais das que dá conta¹⁴. Non obstante,

¹¹ Sobre este punto, permitímonos remiti-lo lector a Mestre (1995)

¹² O gasto polos xuros da débeda calcúlanse simplemente como o produto do custo medio desta polo endebedamento acumulado ata principios de exercicio

¹³ Véxase tamén Canadell e Molinas (1990).

¹⁴ De feito, na actualidade o Banco de España incorporouno á súa panoplia de ferramentas cuantitativas empregadas para a análise da política monetaria, o que implicou a necesidade dunha reespecificación do seu *bloque monetario* (Mestre, 1995).

o carácter divulgativo do presente traballo réstalle importancia ó período transcorrido dende a execución da simulación presentada. En todo caso, é necesario aclarar que a situación de referencia, con respecto á que se estiman os efectos do recorte do investimento público, é en si mesma unha simulación baseada nun escenario normativo —como os que serven para deseña-los escenarios orzamentarios—, que posteriormente a realidade demostrou que era optimista en exceso. Hai que apuntar, finalmente, que a simulación supón que o déficit público non se monetiza en ningún caso, a política monetaria non é acomodaticia e o tipo de cambio da economía é fixo.

Co obxecto de facilita-la exposición dos resultados da simulación, separáronse os efectos de volume dos efectos sobre os prezos. Ademais, distínguese o efecto impacto no ano inicial dos efectos a longo prazo (cinco anos).


♦ *Efectos de volume no primeiro ano:* Como mostran a táboa 1 e a figura 2, a diminución inicial do investimento público (447 miles de millóns de ptas. correntes) tradúcese nunha diminución de 210 miles de millóns de ptas. do ano 80. Esta redución ten un efecto contractivo inmediato sobre a demanda interna e a formación bruta de capital. A contracción da demanda provoca unha caída na capacidade productiva utilizada e, dada a estrutura do MOISEES, unha expansión das exportacións (+0,7) e unha redución das importacións (-0,8). A diminución na formación bruta de capital ten, non obstante, un efecto contrario sobre a utilización da capacidade (o efecto neto é de arredor do -0,3%), á vez que minora o crecemento do *output* potencial, que depende do stock de capital productivo da economía. En definitiva, o PIB redúcese nun 0,6% e a proporción de empresas en réxime de restricción de demanda aumenta máis de dous puntos porcentuais.

Táboa 1.- Efectos de volume, no ano do impacto, dunha redución no investimento público do 1% do PIB en 1989

	<i>Pesetas constantes de 1980 (miles de millóns)</i>	<i>Porcentaxe de variación</i>
<i>Variación con respecto á base</i>		
Formación bruta de capital público	-210,7	-24,4
Output keynesiano	-244,7	-1,3
Output potencial	-67,7	-0,4
Exportacións	23,6	0,7
Importacións	-43,1	-0,8
Producto interior bruto	-110,0	-0,6
<i>Proporción de empresas en réxime de restricción de demanda</i>		
Na base	37,8%	
Despois do shock	39,9%	

FONTE: Molinas e outros (1990).

Figura 2.- Efectos dunha diminución transitoria no investimento público: Efectos de volume



FONTE: Molinas e outros (1990).

◆ *Efectos sobre os prezos no primeiro ano:* A táboa 2 e a figura 3 recollen a transmisión dos efectos sobre os prezos. Como vemos, a redución no PIB tradúcese nunha contracción do emprego privado (-0,6%) que presiona á baixa os custos laborais nominais (-0,9%). Estes menores custos trasládanse ó deflactor do PIB (-0,8%), sendo o resultado final unha redución dos custos laborais reais (-0,2%) e da produtividade técnica do traballo —a partir do segundo ano—. En sentido contrario, o aumento do custo de capital¹⁵ provocado polo menor crecemento do deflactor do PIB inflúe de xeito positivo sobre a súa produtividade técnica¹⁶. Finalmente, a menor inflación conduce a unha mellora do saldo exterior ó facer máis baratas as exportacións e encarece-las importacións.

◆ *Efectos no longo prazo:* Na táboa 3 recóllense os resultados dunha redución *continuada* do investimento público nun 1%. Entre todos eles, chamámo-la atención sobre os efectos do recorte do gasto no déficit público. Como resultado da

¹⁵ O custo do capital depende do tipo de xuro real a longo prazo e dos deflactores do investimento productivo (positivamente) e do PIBef (negativamente).

¹⁶ A explicación desta relación inversa entre custo de factor e produtividade reside —dito groseiramente— no feito de que, con productividades marginais decrecentes, unha redución (aumento) no custo dun factor provoca un aumento (redución) na cantidade utilizada deste, que se traduce, en fin, nunha redución (aumento) da súa produtividade media.


diminución de ingresos que orixina a menor actividade e a deflación da economía —pensemos no efecto *braket creep* no caso do IRPF—, as consecuencias do recorte do investimento sobre a consolidación fiscal son menos que proporcionais.

Táboa 2.- Efectos sobre os prezos, no ano do impacto, dunha redución no investimento público do 1% do PIB en 1989

	Porcentaxe de variación con respecto á base
Custos laborais nominais	-0,9
Deflactor do PIBcf	-0,8
Deflactor do consumo privado	-0,8
Prezos relativos dos bens de capital (con respecto ó deflactor do PIB)	0,3
Productividade técnica do traballo	0,0
Productividade técnica do capital	0,1
Custos laborais reais	-0,2

FONTE: Molinas e outros (1990).

Figura 3.- Efectos dunha diminución transitoria no investimento público: Efectos de prezos



FONTE: Molinas e outros (1990).

Táboa 3.- Resposta no longo prazo dunha diminución do investimento público nun 1% do PIB dende o ano 1989*

	1989	1990	1991	1992	1993
Consumo privado (ptas.80)	-0,4	-0,5	-0,3	-0,2	-0,2
Formación bruta do capital (ptas.80)	-4,4	-4,9	-4,8	-4,3	-3,9
Exportacións (ptas.80)	0,7	1,8	2,5	3,0	3,4
Importacións (ptas.80)	-0,8	-1,1	-1,3	-0,8	-0,5
PIB (ptas.80)	-0,6	-0,8	-0,8	-0,6	-0,5
PIB nominal (ptas. correntes)	-1,4	-2,7	-3,7	-4,4	-4,9
Renta dispoñible (ptas. correntes)	-1,0	-2,3	-3,4	-4,2	-4,7
Inflación (deflactor do PIBcf)**	-0,8	-1,2	-1,1	-0,9	-0,6
Inflación (IPC)**	-0,8	-1,1	-1,1	-0,9	-0,6
Custo laboral real (pta.80)	-0,2	-0,5	-0,8	-1,1	-1,2
Prezo relativo dos bens de capital	0,3	0,8	1,3	1,7	2,0
Coefficiente técnico do capital	0,1	0,1	0,4	0,8	1,2
Coefficiente técnico do traballo	0,0	-0,1	-0,1	-0,2	-0,3
Tipo de xuro nominal	-0,3	-0,5	-0,6	-0,7	-0,7
Emprego privado	-0,6	-0,8	-0,7	-0,5	-0,2
Emprego total	-0,5	-0,7	-0,6	-0,4	-0,2
Saldo exterior/PIB ** ****	0,1	0,2	0,2	0,0	-0,1
Déficit público/PIB ** ****	0,6	0,6	0,7	0,8	0,9
Aforro privado/PIB **	-0,1	-0,1	-0,2	-0,3	-0,3

*: Magnitudes expresadas en porcentaxes de desviación sobre os valores orixinais.
 **: Magnitudes expresadas en desviacións absolutas sobre os valores de referencia.
 ***: Signo negativo significa empeoramento.

FONTE: Molinas e outros (1990).

♦ *Variabilidade dos multiplicadores:* Finalmente, a táboa 4 ilustra a variabilidade dos multiplicadores de impacto, que dependen da situación da economía —a porcentaxe de empresas en réxime keynesiano descendeu paulatinamente na década dos oitenta—. Nela, reflíctese o efecto que, sobre o emprego e a produción, tería un recorte transitorio do 1% do investimento público en cada un dos exercicios do período 1980-1989.

Táboa 4.- Diminución do investimento público nun 1% do PIB do ano do impacto: Multiplicadores (porcentaxe de variación na produción e o emprego con respecto á situación de referencia)

	PIB real	Emprego
1980	-0,8%	-0,7%
1981	-0,8%	-0,6%
1982	-0,7%	-0,6%
1983	-0,7%	-0,6%
1984	-0,7%	-0,6%
1985	-0,7%	-0,6%
1986	-0,7%	-0,6%
1987	-0,7%	-0,6%
1988	-0,6%	-0,5%
1989	-0,6%	-0,5%

FONTE: Molinas e outros (1990).

ALGUNHAS CUESTIÓNS METODOLÓXICAS PENDENTES

Como é ben sabido, ó construírmos e empregarmos modelos macroeconómicos causais como o MOISEES enfrontámonos a dúas cuestións metodolóxicas fundamentais: a *crítica de Lucas* e a polémica sobre os microfundamentos da macroeconomía —(ver, por exemplo, Mayer (1995) ou García-Milá (1991)—. Á vez, e en comparanza coa aproximación neoclásica ós efectos da política fiscal, é inevitable entrar a discutir sobre a relevancia —que non o realismo— dos supostos sobre os que se constrúen os modelos económicos. Non obstante, un tratamento minimalmente rigoroso destes aspectos —que esperamos facer nun futuro— excede con moito o obxectivo e os límites da presente exposición, que de feito se estendeu xa máis do previsto.

BIBLIOGRAFÍA

- AMBERT, J.P. (1988): *Disequilibrium Macroeconomic Models: Theory and Estimation of Rationing Models Using Business Rationing Survey Data*. Cambridge: Cambridge University Press.
- ANDRÉS, J.; DOLADO, J.J.; MOLINAS, C.; SEBASTIÁN, M.; ZABALZA, A. (1990): *The Influence of Demand and Capital Constraints on Spanish Unemployment*, en Drèze e Bean [dir.], pp. 366-408.
- BARRO, R.J.; GROSSMAN, H.I. (1971): "A General Disequilibrium Model of Income and Unemployment", *American Economic Review*, vol. 61, pp. 82-93.
- BEAN, C.; LAYARD, R.; NICKELL, S. [ed.] (1987): *The Rise in Unemployment*. Oxford: Basil Blackwell.
- CANADELL, E.; MOLINAS, C. (1990): "Efectos macroeconómicos de la política fiscal: Un intento de cuantificación", en C. Molinas e outros: *La economía española. Una perspectiva macroeconómica*, pp. 479-507. Barcelona: Antoni Bosch-IEF.
- DRAZEN, A. (1980): "Recent Development in Macroeconomic Disequilibrium Theory", *Econometrica*, vol. 48, pp.283-306.
- DRÈZE, J.H. (1993): *El problema del desempleo en Europa*. Bilbao: Fundación BBV.
- DRÈZE, J.H.; BEAN, C.R. (1990): "Europe's Unemployment Problem: Introduction and Synthesis", en J. Drèze e C. Bean [coord.]: *Europe's Unemployment Problem*, pp. 1-65. Cambridge, MA: MIT Press.
- GARCÍA-MILÁ, T. (1991): "Teorías de las fluctuaciones económicas", en R. Marimón e X. Calsamiglia [ed.]: *Invitación a la teoría económica*. Barcelona: Ariel.
- JIMENO, J.F.; ANDRÉS, J.; TAGUAS, D. (1994): "Restricciones de demanda y de capital en la economía española: Algunas simulaciones ilustrativas", en O. Blanchard e J.F. Jimeno [coord.]: *El paro en España: ¿Tiene solución?*, pp. 124-131. Madrid: Consejo Superior de Cámaras de Comercio, Industria y Navegación de España
- MALINVAUD, E. (1977): *Una reconsideración de la teoría del paro*. Barcelona: Antoni Bosch, 1979.
- MAYER, T. (1995): "How Much Microfoundations Matter?", en T. Mayer: *Doing Economic Research*, pp. 26-36. Aldershot: Edward Ogar.

- MESTRE, R. (1995): "A Macroeconomic Evaluation of the Spanish Monetary Policy Transmission Mechanism", *Documento de Trabajo*, núm. 9.504. Banco de España, Servicio de Estudios.
- MOLINAS, C. [dir.] (1990): *MOISEES: Un modelo de investigación y simulación de la economía española*. Barcelona: Antoni Bosch-IEF.
- SCREPANTI, E.; ZAMAGNI, S. (1993): *Panorama de historia del pensamiento económico*. Barcelona: Ariel, 1997.
- SNESSENS, H.R. (1981): *Theory and Estimation of Macroeconomic Rationing Models*. Berlin: Springer-Verlag.
- SNESSENS, H.R. (1983): "A Macroeconomic Rationing Model of the Belgian Economy", *European Economic Review*, vol. 20, pp.193-215.
- SNESSENS, H.R.; DRÈZE, J.H. (1986): "A Discussion of Belgian Unemployment, Combining Traditional Concepts and Disequilibrium Econometrics", *Economica*, vol. 53, pp. 89-119. [Publicado también en Bean, Layard e Nickell (1987)].

